

o lavadoiro san sadurniño

Programa de **prevención, formación e sensibilización**
en materia de **violencia machista**

QUE?

"Un vecino de Betanzos, conocido por Arturito, estaba celoso de su novia, que por lo visto bailó con otros en un baile de "La Camelia", y no encontró mejor cosa para llamarle la atención, que dirigirse al lavadero público, donde ella estaba lavando, y empezar a regañarla, intentando maltratarla.

Nunca tal hiciera, pues las lavanderas todas le dieron tal cantidad de bofetadas y Arañazos, que le pusieron la cara hecha un mapa. Y menos mal que acudieron en su ayuda, que si no nadie le salva de llevarse un remojón, dadas las intenciones que tenían de tirarlo al río."

El Correo Gallego, 8/03/1927
(texto recuperado pola AC Alexandre Bóveda)



**Deputación
DA CORUNA**



arabías



o lavadoiro san sadurniño

Programa de **prevención, formación e sensibilización**
en materia de **violencia machista**

QUE É?

Un espazo para compartir información, coñecemento e aprendizaxe para a prevención, formación e sensibilización sobre a violencia machista dirixido a mulleres e homes dos Concellos de Moeche e San Sadurniño. Trátase de tecer unha rede municipal de sororidade que dea apoio ás mulleres en situación de violencia machista e sexa unha alternativa baseada que poña a vida e os coidados no centro.



**Deputación
DA CORUNA**



**IGUALDADE
DE XÉNERO**
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

arabías



San Sadurniño
www.sansadurniño.gal

o lavadoiro san sadurniño

Programa de **prevención, formación e sensibilización**
en materia de **violencia machista**

POR QUE?

Porque precisamos espazos nos que abordar a violencia machista en toda a súa complexidade, para darrle a volta a historia que contamos no inicio, a historia de sempre, a historia da violencia contra as mulleres. Por iso, precisamos alternativas para...

...a moza de Betanzos, da que descoñecemos o nome, porque ten dereito a vivir unha vida de botrato libre de violencias.

...Arturito, porque a inmensa mayoría dos homes non maltrata e el tamén pode desaprender o aprendido e incorporar na súa vida o botrato.

...as lavandeiras, porque precisamos recuperar espazos propios para nós como os das nosas ancestrais nos que apoiarnos, coidarnos e defendernos para facerlle fronte ás violencias. Espazos para o exercicio da sororidade.

...os homes que acoden na axuda de Arturito, porque en vez de lexitimar a

violencia machista é necesario e urgente que os homes dean a cara, deixen de ser cómplices dos agresores e descubran que outras maneiras de ser home son possibles.

...a veciñanza, porque os lavadoiros son espazos de encontro e diálogo comunitarios nos que construímos unha sociedade onde a igualdade de xénero sexa unha realidade.

...as institucións públicas, porque teñen o deber de pór en marcha políticas públicas de igualdade e dotalas de medios para erradicar e previr as violencia machista en todas as súas formas e manifestacións.



**Deputación
DA CORUNA**



**IGUALDADE
DE XÉNERO**
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

arabías



San Sadurniño
www.sansadurniño.gal

o lavadoiro san sadurniño

Programa de **prevención, formación e sensibilización**
en materia de **violencia machista**

PARA QUE?

No pasado, os lavadoiros públicos eran espazos ocupados por mulleres. Lugares onde as veciñas acudían para lavar a roupa mais tamén para conversar, compartir experiencias e intercambiar coñecementos. Neste proceso, afanzábanse os vínculos afectivos e a sororidade entre elas. Convertíanse tamén en espazos de resistencia fronte á violencia machista.

O lavadoiro xorde para crear un espazo de encontro feminista que, a diferenza dos antigos lavadoiros, permita a entrada aos homes e os emprace a lavar conxuntamente os trapos sucios do machismo de forma aberta e pública.

Un espazo para construímos outras maneiras de relacionarnos e bentratarnos en igualdade que posibiliten a erradicación da violencia machista.

Porque os trapos sucios non se lavan na casa!
A violencia machista non é algo privado!



**Deputación
DA CORUNA**



arabías



o lavadoiro san sadurniño

Programa de **prevención, formación e sensibilización**
en materia de **violencia machista**

COMO?

O lavadoiro é un espazo para a abordaxe integral da violencia machista para o que ofrece os seguintes servizos:

- Atención psicolóxica dirixida a mulleres en situación de violencia machista.
- Formación especializada dirixida a:
 - Mulleres de Moeche e San Sadurniño que queiran formar parte dunha rede de facilitadoras que permita previr e dar apoio ante situacions de violencia machista a nivel municipal.
 - Homes de Moeche e San Sadurniño con intención de avanzar cara outros modelos de masculinidade afastados da violencia e a discriminación das mulleres.
 - Pessoal técnico dos Concellos de Moeche e San Sadurniño, para garantir a integración transversal do principio de igualdade de xénero a nivel municipal.
- Proceso participativo e comunitario para crear un espazo de traballo común para mellorar a coordinación dos distintos axentes implicados ante situacions de violencia machista.



**Deputación
DA CORUNA**



**IGUALDADE
DE XÉNERO**
DEPUTACIÓN DA CORUÑA

arabías

